

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	Escolas Proval	Nigrán	2021/2022

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0653	Xestión financeira	2021/2022	0	123	0
MP0653_12	Produtos e servizos financeiros	2021/2022	0	90	0
MP0653_22	Seguros	2021/2022	0	33	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JORGE GIL CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0653_12) RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.
(MP0653_22) RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.
(MP0653_12) RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.
(MP0653_12) RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.
(MP0653_12) RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0653_22) CA1.1 Identificouse a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
(MP0653_12) CA1.1 Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.
(MP0653_12) CA1.2 Verificáronse informes económico-financeiros e patrimoniais dos estados contables.
(MP0653_22) CA1.2 Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
(MP0653_22) CA1.3 Identificáronse os elementos que conforman un contrato de seguro.
(MP0653_22) CA1.5 Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.
(MP0653_22) CA1.6 Determináronse os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.
(MP0653_12) CA1.7 Contrastouse a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.
(MP0653_22) CA1.7 Identificáronse as primas e os seus compoñentes.
(MP0653_22) CA1.8 Determinouse o tratamento fiscal dos seguros.
(MP0653_12) CA2.1 Identificáronse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
(MP0653_12) CA2.2 Precisiónense as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
(MP0653_12) CA2.3 Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
(MP0653_12) CA2.4 Recoñecéronse as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
(MP0653_12) CA2.6 Relacionáronse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
(MP0653_12) CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.
(MP0653_12) CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
(MP0653_12) CA4.4 Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0653\_12) CA5.2 Comprobase que a información estea completa e na forma requirida.

(MP0653\_12) CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.

**2.2. Segunda parte da proba**
**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**
**Resultados de aprendizaxe do currículo**

(MP0653\_12) RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.

(MP0653\_22) RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.

(MP0653\_12) RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.

(MP0653\_12) RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.

(MP0653\_12) RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.

(MP0653\_12) RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0653\_12) CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.

(MP0653\_12) CA1.4 Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.

(MP0653\_22) CA1.4 Clasificáronse os tipos de seguros.

(MP0653\_12) CA1.5 Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.

(MP0653\_12) CA1.6 Identificáronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.

(MP0653\_12) CA2.5 Identificáronse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.

(MP0653\_12) CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.

(MP0653\_12) CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.

(MP0653\_12) CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.

(MP0653\_12) CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.

(MP0653\_12) CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.

(MP0653\_12) CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.

(MP0653\_12) CA3.7 Comparáronse os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0653\_12) CA3.8 Comparáronse as rendibilidades, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos financeiros.

(MP0653\_12) CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

(MP0653\_12) CA4.2 Clasificáronse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.

(MP0653\_12) CA4.3 Distinguíronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.

(MP0653\_12) CA4.5 Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.

(MP0653\_12) CA4.6 Identificáronse as variables que inflúen nun investimento económico.

(MP0653\_12) CA4.7 Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

(MP0653\_12) CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.

(MP0653\_12) CA5.4 Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.

(MP0653\_12) CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.

(MP0653\_12) CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.

(MP0653\_12) CA5.7 Ordenouse e arquivouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.

(MP0653\_12) CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Identificar as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.

Precisar as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.

Detallar os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.

Recoñecer as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.

Identificar os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.

Relacionar as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.

Determinar a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.

Recoller información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.

Efectuar as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.

Calcular as comisións e os gastos devindicados en cada produto.

Determinar o tratamento fiscal de cada produto.

Determinar o tipo de garantía esixido por cada produto.

Realizar informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.

Comparar os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.

Comparar as rendibilidades, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos fin

Realizar os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

Comprobar os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.

Verificar informes económico financeiros e patrimoniais dos estados contables.

Comparar os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións

Confeccionar informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.

Identificar as características das formas de apoio financeiro á empresa.

Contrastar a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.

Recoñecer a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento

Clasificar os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.

Distinguir o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos

Determinar o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.

Elaborar informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.

Identificar as variables que inflúen nun investimento económico.

Calcular e interpretar VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

Integrar os orzamentos das áreas nun orzamento común.

Comprobar que a información estea completa e na forma requirida.

Contrastar o contido dos orzamentos parciais.

Verificar os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.

Valorar a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos

Controlar a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas

Ordenar e arquivar a información de xeito que sexa doadamente localizable.

Utilizar aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias

Identificar a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.

Relacionar os riscos e as condicións da asegurabilidade.

Identificar os elementos que conforman un contrato de seguro.

Clasificar os tipos de seguros.

Establecer as obrigas das partes nun contrato de seguro.

Determinar os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.

Identificar as primas e os seus compoñentes.

Determinar o tratamento fiscal dos seguros.

A cualificación final da proba será unha expresión numérica, entre un e dez, sen decimais.

Esta cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Consistirá na realización de varias preguntas a desenvolver e/ou tipo test de resposta única ou múltiple relacionada cos contidos do módulo, cuxa puntuación constará no enunciado da proba.

Nas preguntas tipo test, por cada dúas respostas erradas restarase unha. As preguntas en branco non restan nin suman puntos.

A puntuación máxima será de 10 puntos e para superala, é preciso acadar un mínimo de 5 puntos.

Esta parte da proba ten carácter eliminatorio, polo que as persoas aspirantes que non a superen non accederán á segunda parte.

Instrumentos necesarios:

Calculadora non programable

Bolígrafo azul ou negro

##### 4.b) Segunda parte da proba

Esta segunda parte da proba consistirá na resolución de casos prácticos cuxa puntuación aparecerá no enunciado do exame. Versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte da proba. A puntuación máxima será de dez puntos, sendo necesario acadar un mínimo de cinco puntos para poder superala.

Precisarase bolígrafo azul ou negro, regra e calculadora non programable.